



Boletín de Medio Ambiente



En xuño de 1972 celebrábase en Suecia un acontecemento histórico que moitos marcan como o inicio da política internacional en materia de medio ambiente: a Conferencia de Estocolmo. Tratábase do primeiro cume da ONU que versaba sobre problemas ambientais. Nese cume como noutras, a ausencia de mulleres foi sempre unha constante. Con todo, son moitas as mulleres que dedicaron as súas vidas á defensa do medio ambiente. Aínda que a lista sería moi extensa, quixemos facer unha selección dalgunhas mulleres que fixeron posible un planeta máis habitable.

Fonte: Muy Interesante.

Noticias

Galicia activará un teléfono anónimo para denunciar aos incendiarios tras un xaneiro con 90 lumes

A Xunta activará un teléfono no que se poderá denunciar de forma anónima a incendiarios. O obxectivo é que estea listo de cara á campaña de alto risco deste verán. Esta é unha das medidas que poñerá en marcha a Consellería de Medio Rural tras un arranque de ano con 90 incendios nos 13 primeiros días de xaneiro. Do total, 61 foron conatos (extinguídos antes de alcanzar unha hectárea), mentres os outros 29 queimaron máis de 600 hectáreas (oito dos lumes foron de máis de 25 hectáreas).

Fonte: ABC

Medio Ambiente estudará colaborar co concello de Camariñas nun proxecto para a mellora de accesos en zona Rede Natura

Trátase de acometer o asfaltado e acondicionamento d' unha pista localizada en zona Rede Natura que conduce ata o faro de Cabo Vilán, unha actuación para a que solicitou a colaboración do departamento autonómico.

Cómpre lembrar que a meirande parte da costa deste municipio está incluída dentro do Lugar de Interese Comunitario (LIC) Costa da Morte, que forma parte da Rede Natura 2000 en recoñecemento aos seus importantes ecosistemas mariños e á grande biodiversidade de flora e fauna que atesoura este espazo natural.

Fonte: CMATV

Que fai un xoguete como ti nun colector como leste?

Fai case vinte anos que os galegos aprenderon a conxugar o verbo reciclar no seu día a día: A regra do tres erres (reducir, reciclar e reutilizar) empeza cos hábitos dentro do propio fogar, onde varios cubos permiten separar os residuos que producimos. A diferenciación, con todo, vai máis aló do lixo orgánico e inorgánico. Na rúa hai varios colectores distinguidos pola súa cor en función da composición dos desperdicios, ademais de puntos limpos nos concellos para depositar aceite usado, pilas, mobles ou electrodomésticos.

Para moitas persoas, o colector amarelo segue xerando confusión a pesar de levar anos sendo parte do mobiliario urbano. O amarelo é o modelo maioritario de Sogama, ao que están adscritos a maioría de concellos galegos. A diferenza do xenérico, no que se deben depositar só os residuos que non se poden reciclar como cueiros ou servilletas usadas, o amarelo ten unha función específica: acoller, exclusivamente, botellas e envases de plástico, recipientes metálicos, brics e o resto de envasados que leven un punto verde que distinga que se tratan de refugallos reciclables.

Fonte: La Voz de Galicia

Canto se avanzou en Dereito Ambiental durante os últimos 40 anos?

Aínda que o volume de leis ambientais multiplicouse por 38 desde 1972, a incapacidade de aplicar e facer cumprir plenamente as regulacións constitúe, hoxe, un dos maiores desafíos aos que se enfrontan as sociedades a fin de mitigar o cambio climático, reducir a contaminación ou deter a perda xeneralizada de especies e hábitats, explica Nacións Unidas no seu informe «Estado de Dereito Ambiental: Primeiro informe global».

Fonte: ABC

A Xunta analiza coa asociación de can de palleiro o potencial desta raza como pastores e para previr danos no gando

A directora xeral de Patrimonio Natural, Belén do Campo, vén de reunirse con representantes do Club da Raza Can de Palleiro, entidade constituída no ano 2002 en defensa desta denominación, para analizar o importante papel que desempeñan estes animais na prevención de ataques ao gando por parte de lobos e xabarís e a súa presenza cada vez maior en explotacións galegas realizando labores de pastoreo e coidado do gando.

Neste sentido, Ernesto Fernández, presidente da asociación, agradeceu a inclusión explícita da raza de can de palleiro na orde de axudas de 2019 para a prevención dos danos causados por determinadas especies de fauna silvestre. Así, trasladoulle á directora xeral que esta decisión supón un recoñecemento por parte da Xunta das aptitudes dunha raza autóctona galega como can de pastor, especialmente apta para o coidado de animais en explotacións extensivas e que pode “complementar” perfectamente a función dos mastíns.

Fonte: Xunta de Galicia

Sabías que...

Os deportes da neve benefician á nosa saúde e dinamizan as comarcas de montaña pero a súa práctica débese levar a cabo co mínimo impacto na natureza posible.

Fonte: [La Vanguardia](#)

Boas Prácticas

Que fixo Oslo para ser a Capital Verde Europea do 2019?

Oslo é moito máis que a Opera House ou a cidade onde se entrega o Premio Nobel da Paz. A súa dedicación e esforzo para preservar os espazos naturais urbanos e para reducir a polución ambiental valéronlle ser nomeada Capital Verde Europea do 2019. Este 'título' é concedido anualmente pola Comisión Europea para premiar o compromiso das cidades co medio ambiente e o desenvolvemento sustentable. Que fixo a capital de Noruega para merecer este recoñecemento?

Cunha poboación próxima aos 660.000 habitantes, Oslo está rodeada polo bosque Marka e polo fiordo que dá nome á cidade. A capital norueguesa está a levar a cabo actuacións para conservar os seus espazos naturais e por recuperar a súa rede de 3.000 metros de ríos e arrosios para o goce dos cidadáns. Esta aposta levoulle a alcanzar un 32% de parques, bosque e áreas verdes.

Fonte: La Vanguardia

India quiere ser líder no uso de enerxías renovables

India é un país que recibe radiación solar durante case todo o ano, aproximadamente 3.000 horas.

O goberno aposta decididamente pola enerxía solar, e está a impulsar instalacións tanto domésticas como a gran escala por todo o país.




Fonte: EcoInventos

O Instituto Galego de Formación en Acuicultura acolle á cría de lobo mariño cinsento `Barizo` para a súa recuperación

O Instituto Galego de Formación en Acuicultura (IGAF), dependente da Consellería do Mar acolle á cría de lobo mariño cinsento Barizo para a súa recuperación. Esta acción forma parte da colaboración que a Xunta, a través da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, coa Coordinadora para o Estudo dos Mamíferos Mariños (CEMMA), para a recuperación dos mamíferos mariños que chegan ás costas galegas en mal estado ou feridos.

Fonte: Xunta de Galicia

Axenda Ambiental

-  Congreso da nova Sociedade Ibérica de Ecoloxía (4 ao 6 de febreiro).
-  Visita temática: "Co Parque. Os Valores do P. Rexional do Sueste" (11 de Febreiro). Madrid Telf: 91 276 03 07.
-  Bolsas Fundación BBVA para Latinoamérica - Máster en Espazos Naturais Protexidos 2020

Deputación da Coruña

Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente

Email: medioambiente@dacoruna.gal